



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: BART-AP / 2024

Expediente: 2024000010332

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024- ÁREA DE ILUSTRACIÓN, ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Logo de ver os seguintes antecedentes:

Primeiro.- Por Resolución da Presidencia 8912, do 6 de marzo de 2024 , aprobáronse as Bases Reguladoras das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024- Área de ilustración, artes plásticas e visuais publicadas no BOP número 49, do 8 de marzo de 2024.

Segundo.- De acordo coas bases da convocatoria, por resolución da presidencia número 19124, do 9 de maio de 2024, designáronse os membros do tribunal. A primeira reunión do tribunal tivo lugar o día 22 de maio de 2024 e a segunda reunión o día 20 de xuño de 2024.

Terceiro.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Na partida orzamentaria 0612/3262/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2024, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das bolsas propostas.

Quinto.- Constan no expediente o informe da Unidade Xestora, as puntuacións outorgadas e as actas do xurado.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as puntuacións das persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1.

Segundo.- Conceder provisionalmente as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 40.000,00€.

Terceiro.- Nomear provisionalmente suplentes ás persoas que se citan no Anexo 3.

Cuarto.- Publicar a presente resolución provisional na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinto.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, para que as persoas solicitantes poidan comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou presentar emenda de erros . Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte das persoas solicitantes se formule desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tácitamente.

Sexto.- A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor das persoas beneficiarias propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.

ANEXO 1. PUNTUACIÓNS

NOME E APELIDOS	CURRICULUM	OUTROS	PROXECTO	TOTAL PUNTOS
SALVADO FERNÁNDEZ, ANA	2,50	1,00	4,66	8,16
SANCHEZ DOSIL, RITA	1,50	0,75	5,66	7,91
GERMADE REY, RAQUEL	2,50	1,00	4,33	7,83
IGLESIAS SALGUERO, LUIS ENRIQUE	1,50	0,75	5,33	7,58
QUINTANILLA PEREZ, BLANCA	2,50	1,00	3,66	7,16
ARIAS LOUSA, ROSA	1,50	0,50	4,50	6,50
MUÍÑO GONZÁLEZ, NOELIA MARÍA	1,50	0,50	4,16	6,16
NOYA MARIÑO, PAULA	1,00	0,50	3,66	5,16

ANEXO 2. CONCEDIDAS PROVISIONALMENTE

De 23 a 35 anos

Persoa Beneficiaria	GERMADE REY, RAQUEL	
Expediente:	2024000018406	10.000,00
Obxecto:	Programa e certificado de dibuxo e pintura na MAA (Madrid Academi of Art)	
Persoa Beneficiaria	SALVADO FERNÁNDEZ, ANA	10.000,00
Expediente	2024000018216	
Obxecto	Master of Arts in Fashion Design en Nuova Accademia di Belle Arti (NABA), en Milán, Italia	

Menores de 23 anos

Persoa Beneficiaria	IGLESIAS SALGUERO, LUIS ENRIQUE	
Expediente:	2024000017928	10.000,00
Obxecto:	Terceiro ano de Belas Artes na Universidade Politécnica de Valencia	
Persoa Beneficiaria	SANCHEZ DOSIL, RITA	
Expediente:	2024000018192	10.000,00
Obxecto:	Terceiro curso no Grado en Deseño e Tecnoloxías Creativas naUniversitat Politècnica de València	

ANEXO 3. SUPLENTE

De 23 a 35 anos

Primeiro: Blanca Quintanilla Perez: 7,16

Segundo: Noelia María Muíño González: 6,16

Terceiro: Paula Noya Mariño: 5,16

Menores de 23 anos

Primeiro: Rosa Arias Lousa 6,5